


1

A festa de aniversario



- En que lugar están estes nenos?
Como cres que o están pasando?
- Que cousas se poden facer
na zona de xogos? Cales non
se poden facer?
- Estiveches nalgún parque así?
En que se parece a este?


PALABRAS SOBRE O PARQUE INFANTIL

tobogán	escorregar
brincar	bracear
rampla	agatuñar
gabear	arrandearse

Escoito e falo



1 Quen está de aniversario? Escoita e marca.



► Localiza os nenos anteriores na escena e explica que están facendo.

2 Presenta un amigo ou amiga.

- Como se chama?
- Como é o seu pelo, a súa estatura...?
- Desde cando o coñeces?
- Que facedes cando estades xuntos?

3 Di dúas expresións coas que felicitarías a alguén que está de aniversario.



4 EDUCACIÓN EN VALORES. Valoro a amizade.

- Paréceche importante ter amigos? Por que?
- Como se comportan os bos amigos? Pon exemplos.
- Gústache estar cos teus amigos? Cando che gusta máis?

5 Di dúas situacións en que pode ser útil escribir unha invitación.

➔ SABER FACER

TAREFA FINAL



Escribir unha invitación de aniversario

Vas escribir unha invitación para convidar amigos e amigas á túa festa de aniversario. E vala poder decorar ao teu gusto!



MELLORO A MIÑA LECTURA



■ **Escoita como se pronuncian as palabras **ao** e **aos** e despois le en alto.**

Mañá iremos **ao** parque.

Hoxe xogamos **aos** birlos no patio.

► Lembra como tes que ler as palabras **ao** e **aos** cando as atopas no texto.

A festa de Escarlata

Faltaban só uns minutos para que soasen as doce. A noite era xeada e negra a máis non poder. Sentada ao pé dun carballo milenario, a bruxa Escarlata choraba ás cuncas abrazada á súa vasoira. Só a acompañaban o seu pequeno moucho e tres ou catro arañas peludas.

–Ai, ai, ai! Que desgraciada son! Ai, que ninguén me quere! –berraba con desesperación cara ao vento.

O día do seu aniversario estaba a piques de rematar e ninguén no mundo se lembrara de felicitala. E tampouco de facerlle un regalo! Como non ía chorar? Era a bruxa máis triste e máis soa do bosque, da aldea, da comarca, do país... do universo enteiro! Ninguén atoparía outra bruxa máis desventurada ca ela en todo o mundo. Aínda que a buscase con lupa.

De súpeto, o moucho abriu as ás e lanzou un agudo chío. Tan agudo que fixo fuxir as arañas, tremer as follas da árbore e cambalear o sombreiro de punta aguzada de Escarlata.



A bruxa, asustada, detivo en seco a ferverza de bágoas que lle brotaba dos ollos e ergueuse dun chimpo. Algo pasaba! O seu moucho era serio e responsable, deses que non oulean ao tolo, sen un motivo de peso...

Ao mirar cara ao camiño, Escarlata quedou coa boca aberta. Entre as sombras da noite viu que chegaban en procesión bruxas e bruxos, trasnos e fadas, magos e meigas... Polo que parecía, uns cantos cargaban cun voluminoso regalo. E todos os demais levaban na man unha candeia acesa. Semellaban unha procesión de vagalumes.

–Moitos parabéns, Escarlata! –berraron desafinando en canto a descubriron ao pé do carballo.

Escarlata, feliz ao ver que os seus amigos non se esqueceran do seu aniversario, limpou a cara coa manga e mostroulles un sorriso radiante aos visitantes. Cando aquela tropa risoña e ruidosa a arrodeou, a bruxa Escarlata comezou a encher de aire os pulmóns. Boa falta lle facía para apagar dun só soprido as trescentas vinte e catro candeas da súa torta de aniversario!



MELLORO A MIÑA ESCRITURA

Copia esta frase en letras maiúsculas.

Moitos parabéns!



COMPRENDO O CONTO

1 Lembra e responde.

- Quen se lamentaba deste xeito?

Ai, ai, ai!
Que desgraciada son!

- Por que se sentía así?

Porque

2 Con que oración estás de acordo? Arrodea e xustifica.

- Os amigos de Escarlata tíñanlle preparada unha festa sorpresa.
- Os amigos de Escarlata esqueceran que estaba de aniversario.

3 Pensa e responde.

- Quen son os amigos de Escarlata?

- Cal sería o regalo voluminoso que lle levaron?

- Escarlata facía moitos ou poucos anos?

4 VOCABULARIO. Que quere dicir cada expresión destacada? Marca.



Escarlata **choraba**
ás cuncas.



Escarlata **quedou**
coa boca aberta.

Botaba moitas bágoas.

Non soubo que dicir.

Choraba enriba dunha cunca.

Enfadouse moitísimo.

COÑEZO A LINGUA

1 Fíxate na torta e responde.

- Cantas letras ten o nome da bruxa?
- Hai algunha letra repetida? Cal?



As letras. O abecedario

Para escribir palabras empregamos **letras**: unhas son **vogais** (a, e, i, o, u) e outras son **consoantes** (b, l, p...). Cada lingua ten un grupo de letras que forman o seu **abecedario**. O abecedario galego ten 23 letras.




2 Copia en minúscula as 23 letras do noso abecedario e memorízao.



3 Cambia a letra destacada por outra e forma unha palabra nova.

- horta ▶
- marmelo ▶
- capela ▶
- gol ▶

4 Ordena as letras e descubre que hai en cada regalo.



1 Le en voz alta o texto e clasifica as palabras destacadas.

Benqueridos amigos.

Estou moi **contenta**. A festa celebrada
onda o **carballo** vello foi impresionante.

E a torta era **suculenta**. Moitas grazas.

Biquiños para todos!



ca	▶	<input style="width: 150px; height: 15px;" type="text"/>
co	▶	<input style="width: 150px; height: 15px;" type="text"/>
cu	▶	<input style="width: 150px; height: 15px;" type="text"/>

que	▶	<input style="width: 150px; height: 15px;" type="text"/>
qui	▶	<input style="width: 150px; height: 15px;" type="text"/>

Palabras con c e con qu

Escríbese **c** diante de **a, o, u**. Escríbese **qu** diante de **e, i**.

2 Completa con c ou qu, segundo corresponda.

- | | | |
|--|--|--|
| ■ <input style="width: 40px;" type="text"/> eixos | ■ pa <input style="width: 40px;" type="text"/> ete | ■ <input style="width: 40px;" type="text"/> as <input style="width: 40px;" type="text"/> uda |
| ■ <input style="width: 40px;" type="text"/> astelo | ■ es <input style="width: 40px;" type="text"/> udo | ■ mos <input style="width: 40px;" type="text"/> ito |

3 Escribe unha oración con cada serie de palabras.

Carme - mercar - quiosco

Marcos - buscar - cuarto

4 Fíxate no exemplo e escribe palabras semellantes engadindo **-iño** e **-eiro**.

barco ► barquiño

pataca ► pataqueiro

■ arco ►

■ cunca ►

■ banco ►

■ vaca ►

► Escribe unha oración cunha das palabras anteriores.

5 Escribe unha palabra de cada con **c** (ca, co ou cu) e con **qu** (que, qui).



Un animal



Unha comida

6 **DITADO.** Busca as palabras con **c** e **qu** e fai o ditado no caderno.

Ricas, riquísimas

A tía Camila fai rosquillas caseiras. Polo seu aniversario preparou un quilo delas. Convidounos a probalas. E non quedou unha.



MELLORO A MIÑA ORTOGRAFÍA

7 Completa con **c**, **qu** ou **k** segundo corresponda.



anora



cómi

uilograma




ivi



 **Escribo unha invitación de aniversario**

1 Le este texto e contesta.



INVITACIÓN PARA Cibrán

O vindeiro sábado 13 de outubro celebro o meu aniversario.

Vou facer unha festa na casa do meu avó, na rúa do Outeiro, núm. 3. Será das 5 ás 8 da tarde.

Imos disfrazarnos, xogar e merendar.

Anímate a vir. Habémolo pasar moi ben!

Sabela

- Quen escribiu esta invitación?
- Para quen é a invitación?
- Que día vai ser a festa?
- A que hora empezará?
- En que lugar se vai celebrar?
- Que van facer na festa?

2 Que datos non poden faltar na invitación? Une e explica por que.

Na invitación non poden faltar...

...os xogos que se farán na festa.

...o día, a hora e o lugar da festa.

3 Responde como queiras para escribir a túa invitación de aniversario.

- Que día celebrarás o teu aniversario?
- Onde che gustaría celebralo?
- A quen vas convidar?

4 Que frases poden servir para despedirse nunha invitación? Arrodea.

Espérote!	Non faltes!	Non podes perdelo!
Ola, como estás?	Bo día, amigos!	Parabéns!



5 Escribe a túa invitación de aniversario para un amigo ou amiga.

Decóraa con letras de cores e con debuxos.

Non esquezas os datos máis importantes.

INVITACIÓN PARA



Crece, crecer

Os coches, as pedras,
nunca os vin crecer.
Eu crezo, non paro,
que lle hei de facer?

A luva estirada
non tapa a man, non.
Ninguén me dá colo;
son un mangallón.



Creceín cara arriba,
pra abaixo e prós lados.
Rachoume a camisa,
está en farrapos.

Xa chego á xanela.
Xa alcanzo o estante.
Debo crecer tanto
coma un elefante.

Luísa Ducla Soares
(adaptación)

1 Pensa e responde.

- Que lle ocorre ao neno do poema?
 - Por que ninguén lle dá colo?
 - Como nota que está máis alto?
-

2 Cal destas pezas de roupa se menciona no poema? Arrodea e explica o que lle ocorre.




3 Como vas ser de grande? Inventa unha frase esaxerada e chistosa.

Vou ser grande coma


ACTIVIDADES FINAIS

1 Escribe unha palabra de cada tipo usando estas letras.



- De 2 letras ►
- De 3 letras ►
- De 6 letras ►
- De 8 letras ►

2 Risca os globos con letras que non pertencen ao abecedario galego.



3 Completa cada serie coas letras que faltan seguindo a orde alfabética.

a c e

g i m

t v z

4 Completa con **c** ou **qu** e copia.

■ andea ►

■ esola ►

■ esina ►

■ croetas ►

DEMOSTRA O TEU TALENTO

5 Elix e resolve a actividade que prefiras.

A. Cántalle a historia de *Escarlata* a un compañeiro da clase.

B. Fai un pequeno mural de palabras con **c** e **qu** e debúxaas.